



CONTA DE XESTIÓN E ORZAMENTO CORRESPONDENTE Á ANUALIDADE DE 2014

Informe:

A conta que se presenta realízase conforme ás instrucións contidas na circular de 19 de decembro de 2014 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e preséntase conforme á estrutura da aplicación informática XECOCENTROS. Esta aplicación informática unifica a forma de presentación das contas de todos os centros educativos dependentes da Consellería de Educación.

A aplicación agrupa as contas en tres grandes apartados: estado de ingresos, estado de gastos e resultado da xustificación.

A documentación das contas, o rexistro das contas e documentación contable, foi supervisada pola Comisión Económica do centro nas súas reunións celebradas os días 23 e 26 de xaneiro de 2015 e avaliada positivamente polo Consello Escolar na reunión celebrada o día 27 de xaneiro de 2015.

Estado de Ingresos

O C.R.A. de Rianxo tivo no ano 2014 uns ingresos totais de 25.241,39 euros, agrupados nos seguintes epígrafes:

Dotacións procedentes da Consellería 18.084 euros, onde se inclúen os gastos de funcionamento e itinerancias 16.735 euros, a axuda para normalización lingüística 349 euros e a subvención para o PLAMBE 1.000 euros.

Procedentes doutros organismos (FOGA) 512,04 euros, Concello de Rianxo 1.680 euros.

Achegas procedentes de axudas, subvencións ... 252,51 euros .

Procedentes da prestación de servizos (actividades complementarias + calendario) achegado polas familias 4.696,90 euros.

Remanente do exercicio anterior 15,94 euros.

En relación co orzamento proposto e aprobado cumpríronse con bastante adecuación as previsións alí contidas salvo o atraso co que se realizan os ingresos do FOGGA, para a campaña de distribución gratuíta de froita.

Estado de gastos:

Os gastos do C.R.A. de Rianxo ascenderon no ano 2014 á cantidade de 23.563,23 euros destacando como epígrafes de maior contía de gasto:

Material de oficina: 190,21 euros

Subministracións (gastos en materiais para o desenvolvemento das actividades docentes e que se adican na súa maioría as gastos das escolas, mais o gasto correspondente ao programa de reparto de froita escolar) 5.206,46 euros.

Comunicacións (telefonía e gasto de correos) 1.254,26 euros.

Traballos realizados por outras empresas (mantemento da fotocopiadora) 509,79 euros.

Axudas de custo e locomoción (corresponde ás itinerancias do profesorado) 7.395,69 euros.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
C.R.A. DE RIANXO

Atalaia - Asados
15984 RIANXO
☎ 981863305
cra.rianxo@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/crarianxo>
CIF: Q1500341A



Gastos diversos que inclúen: edicións e publicación, actividades complementarias e outros gastos 8.204,39 euros.

Mobiliario e outros equipos inventariables 231,95 euros.

Outros materiais inventariables, (fondos bibliográficas con cargo ao PLAMBE) 558,48 euros.

De contía menor foron os gastos agrupados baixo a epígrafe Reparacións (12 euros).

A previsión de gastos cumpriuse con bastante corrección observándose unha tendencia importante á contención en material de oficina e mesmo o gasto en actividades complementarias.

Resultado da xustificación

O resultado das contas ou remanente que se aporta á anualidade de 2015 é de 1.678,16 euros.

O centro posúe tres contas, a suma das cales ascende a 31 de decembro de 2014 á cantidade de 3.050,94 euros, e na caixa do centro hai a cantidade de 33,32 euros.

A diferenza entre o saldo das contas e os fondos das contas bancarias corresponde aos seguintes apartados que se cuantifican na conta que se achega: *gastos pendentes 2014 (173,59 euros), cheques pendentes de cobro (1.232,51 euros).*

Valoración:

As previsións contidas no proxecto de orzamento de 2014 cumpríronse con bastante adecuación, salvo como se indica, a previsión de ingresos do Programa de Reparto de Froita na Escola.

En Rianxo a 30 de xaneiro de 2015

O Director do Centro,

Asdo.: Tobías Betanzos Rego